



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

DECRETO DE ALCALDÍA
ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PROVISIONALMENTE NO PROCESO SELECTIVO PARA A PRAZA DE UN/UNHA ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL, COMO FUNCIONARIOS/AS INTERINO/A POR PROGRAMAS UN ANO A XORNADA COMPLETA.
EXPTTE TEDEC: 2024/E001/000005

Visto o procedemento iniciado polo Concello de Frades para levar a cabo un Programa Xestión e coordinación de actividades culturais no Centro sociocomunitario e Aula de Lectura 2024-2026. O programa estimase nunha duración de tres anos de acordo co artigo 10.1 c) do TREBEP e 23.2 c) da lei de emprego de Galicia, con períodos de contratación en cada anualidade de un ano, en función das dispoñibilidades orzamentarias e do éxito do Programa na anualidade precedente, o que condicionará a continuidade do Programa, co seguinte contido do Programa:

Xestión e coordinación de actividades culturais no Centro Sociocomunitario de Ponte Carreira (FRADES) e na Aula de Lectura Municipal.

Considerando que foron redactadas as correspondentes bases, establecéndose como forma de selección o concurso.

Vistos os informes emitidos pola secretaria-intervención que constan no expediente.

Visto que as bases foron aprobadas por Decreto de Alcaldía núm. 109/2024, de data 6 de maio de 2024, e publicadas no BOP núm. 95 de data 16 de maio.

Visto que o día 27 de maio rematou o prazo de presentación de solicitudes para participar en dito proceso selectivo.

Transcorrido o prazo para a presentación de instancias por todas aquelas persoas interesadas en participar no presente proceso de selección e revisadas as mesmas, é polo que en uso das facultades que me confire o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a seguinte lista provisional de admitidos e excluídos, no proceso de selección para contratación e formación de bolsa, mediante concurso-oposición, de un/unha Animador/a Sociocultural, anualidade 2024, dentro do Programa de Xestión e coordinación de actividades culturais no Centro sociocomunitario e Aula de Lectura 2024-2026, sendo a modalidade do contrato funcionario interino por programas:

Admitidos

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA
1	VAZQUEZ FUENTES, CRISTINA	***1833**	SI



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

Excluídos:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSION
1	GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ, CLARA MARÍA	***6178**	4
2	AGUIÓN LAMAS, MARÍA	***1233**	3, 4
3	RAMOS CANDEDO, SABELA	***5153**	3

Motivos da exclusión.

- 1.-Non achega Anexo I das bases.- (modelo de instancia).
- 2.-Non achega DNI
- 3.-Non achega titulación requirida.
- 4.- Non achega carné de conducir tipo B.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos.

Segundo: Outorgar un prazo de 3 días hábiles, a partir do día seguinte á publicación da presente resolución no Taboleiro de anuncios do Concello, para que calquera os interesados que o consideren oportuno proceda a subsanar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas contra a citada lista provisional de admitidos. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, entenderase como definitiva.

Terceiro: Facer público o presente decreto mediante a súa inserción, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello.

Frades, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde, Roberto Rey Martínez, ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.